



## MISA CON NENOS

11 de xuño de 2023

### CORPUS CHRISTI-A

**XOÁN 6,51-58: "O que come a miña carne e bebe o meu sangue habita en min e eu nel".**

**Mensaxe: Incorpórate a Cristo**

Corpus Christi



**InCORPORatE a Cristo**

### 1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: A igrexa celebra a  **festa do Corpus Christi, a festa da Eucaristía**. A Eucaristía é a reunión que todo crente necesita cada domingo para unirmos a Cristo, celebrar a fe en comunidade, para alimentala, para crecer en fraternidade e reavivar a nosa esperanza en Xesús, que quedou para sempre connosco. Pero os que participamos da Cea do Señor debemos tamén compartir cos máis pobres e así construír un mundo máis xusto. Por iso celebramos tamén o día de **Cáritas** co lema **"Ti tes moito que ver. Somos unha oportunidade, unha esperanza"**. Hai moitos invisibles entre nós, e Xesús pídenos que non apartemos a vista e que miremos de fronte aos que nos necesitan, así un día diranos **"tiven fame e désteme para comer"**.

(Colocamos en lugar visible un pan grande e esta inscrición: **"Incorpórate a Cristo"** ou un cartel co lema da Xornada de Cáritas: **"Ti tes moito que ver"**).

**SAÚDO DO SACERDOTE:** No nome do Pai... **O Señor, que se entregou por nós e é o noso alimento, sexa con todos vós.**

### 2. SÚPLICAS DE PERDÓN

A Eucaristía é compromiso de entrega e de unidade. Pidamos perdón de todo o que nos separa a uns doutros e de Deus:

-Ti es o pan que nos dá a vida, pero empeñámonos en buscala onde non sustenta. **Señor, ten piedade de nós.**

-Ti es o pan que se parte e se entrega, pero buscamos máis o éxito e o triunfo. **Cristo, ten piedade de nós.**

-Ti es o pan que se comparte pero nos seduce almacenar e acumular. **Señor, ten piedade de nós.**

Deus, o noso Pai, teña piedade de nós, perdoe os nosos pecados e lévenos á vida eterna.



### 3. MONICIÓN Á PALABRA DE DEUS

Hoxe celebramos o gran agasallo da Eucaristía. No libro do Deuteronomio, Moisés, camiño do deserto, recibiu o maná, aquel alimento do ceo para que non perecesen de fame. S. Paulo descríbenos como a eucaristía nos une aos que nos alimentamos do mesmo Corpo de Xesús, facéndonos consanguíneos, familiares, irmáns. S. Xoán no evanxeo convidanos a comer o pan da eucaristía para que o Señor habite en nós e teñamos a súa propia Vida.



### 4. ORACIÓN DOS FIEIS

Ao Señor que nos alimenta cada domingo na Eucaristía dicímoslle:

- **Dáanos, Señor, o Pan de Vida.**

1.- Pola Igrexa, para que nos axude a coñecer, valorar e celebrar en familia a Eucaristía dominical. **Oremos.**

2.- Para que escoitemos con atención a Palavra de Deus, que é a luz das nosas vidas. **Oremos.**

3.- Para que participemos na misa cantando, orando, comungando. **Oremos.**

4.- Para que a Eucaristía nos una a Xesús e cre entre nós lazos de unión. **Oremos.**

5.- Para que os que aquí comemos na mesma mesa compartamos tamén as nosas cousas cos invisibles da nosa sociedade. **Oremos.**

6.- Polo grupo de Cáritas e por todos os que traballan ao servizo dos pobres e necesitados. **Oremos.**

7.- Polos nenos e nenas que se preparan para a "primeira comunión", para que esa "primeira" comunión non sexa a última, nin sexa demasiado distanciada a súa participación na comunidade. **Oremos.**

8.- Para que as nosas comunidades sexan espazos de encontro, de xenerosidade, de caridade e acollida aos que entran polas súas portas. **Oremos.**

9.- Polos nenos e nenas que estes día reciben a Primeira Comunión para que valoren a Eucaristía e participen cada domingo coa súa familia na reunión dos cristiáns.

**Oremos.**

*Acolle, Señor, a nosa oración e que Xesús nos axude na entrega e no servizo. Que vive e reina polos séculos dos séculos. Amén.*



## 6. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- **PAN GRANDE:** Señor, hoxe queremos ofrecerche este pan que tantas veces comemos xuntos compartindo a nosa vida, a alegrías e tamén as dificultades. Que os que comemos o pan da eucaristía cada domingo vivamos unidos e aprendamos a partir e compartir con todos.
- **COLECTA DE CÁRITAS:** Cáritas quere crear futuro esperanzador onde non hai un futuro. Cáritas necesita a nosa colaboración económica; convídanos as accións de voluntariado, e tamén a botar unha mirada ao redor para descubrir quen é o último e interesarse por el. Grazas pola vosa xenerosidade.
- **PAN E VIÑO:** O pan e o viño converteranse no corpo e o sangue de Xesús. A Eucaristía únenos a Xesús e Deus habita en nós. Vivamos sempre unidos a Xesús, crezamos na súa amizade.

## 7. COLECTA DE CÁRITAS

Ofrecemos ao Señor a colecta de Cáritas. Ao celebrar o día da festa do Corpo de Cristo entregado por nós e do Sangue vertido por nós, Cristo puxo aos pobres en primeira fila para que os fagamos visibles, recoñezámolo a El no rostro do necesitado sentindo como propia a dor allea.

## 8. ACCIÓN DE GRACIAS ANTE O SANTÍSIMO

*Aconséllase prolongar o momento da comunión. Faremos unha pequena exposición do Santísimo despois da comunión xa sexa co copón aberto despois de dar a comunión ou coa custodia. Trátase de subliñar a presenza real de Cristo na Eucaristía. Basta unha monición explicando o momento, un momento de silencio cun canto eucarístico e a oración de Acción de grazas "Comungar é".*

- **Monición:** Imos agora a prolongar un pouco a comunión adorando ao Señor. Trátase dun momento de oración dando grazas a Xesús eucaristía por quedar connosco e ser o noso alimento. Grazas, Xesús pola túa presenza real na eucaristía. escoitamos en silencio este canto:

- **Logo recitamos xuntos:**

Comulgar é descubrir que a Eucaristía é o teu Corpo, Señor.

Comulgar, Señor, é o misterio do teu Amor.

Comulgar é, Señor, volver sentir as túas palabras: "O que come a miña carne e bebe o meu sangue habita en min e eu nel".

Comulgar é caer na conta de que o teu Corpo, Señor, foinos entregado, regalado por puro e xeneroso Amor.

Comulgar, Señor, é unirnos ao teu Corpo Crucificado.

Comulgar é entrar, Señor, no misterio do teu Corpo Encarnado.

Comulgar é sentir, Señor, que a Igrexa é o teu Corpo Místico, o teu Corpo apaixonado e comunitario.

Comulgar é incorporarme a ti, Señor, para servirte no empobrecido.

Comulgar é descubrir o teu Corpo, Señor, no pobre: no famento, no que pasa sede, no que está espido.

Comulgar é, Señor experimentar o teu Amor, a túa presenza, a túa forza, a túa amizade.

